


NO LINDEIRO DO BOSQUE. A TRADUCIÓN NOS PRIMEIROS ANOS DE GRIAL



| | |
|-------------------------|--------------------------------------|
| | |
| Editoriala | EDITORIAL GALAXIA S.A. |
| Gaia | BIOGRAFÍAS E PROSA DE NON FICCIÓN |
| Bilduma | BIBLIOTECA 75 ANOS |
| EAN | 9788411764827 |
| Baldintza | Dispoñible |
| Lotura | Tapa blanda |
| Orrialdeak | 220 |
| Neurria | 220x150x0 mm. |
| Price (Tax inc.) | 21,50€ |
| Release date | 05/09/2025 |

VARIOS

SINOPSIS

Coa celebración do seu 75 aniversario, Editorial Galaxia recupera o espírito innovador que demostrou nas súas publicacións desde 1950, traendo ao lectorado de hoxe moitas destas obras que supuxeron unha renovación do mundo cultural galego e, por extensión, tamén da súa sociedade, grazas á Biblioteca 75 anos.

O novo volume desta colección conmemorativa é No lindeiro do bosque, a tradución nos primeiros anos de GRIAL, introdución e escolma ao coidado Tamara Andrés e Ana Luna Alonso.

A tradución en Grial. Revista de Cultura Galega foi un dos seus esteos, e debe ser entendida como unha práctica que procurou a posta en valor dunha lingua e dunha tradición literaria subordinada fundamentalmente ao castelán. Os obxectivos fundamentais desta escolma son os de amosar a vontade de innovación que sempre tivo a publicación dirixida nesa primeira xeira por Francisco Fernández del Riego e Ramón Piñeiro, así como poñer en valor o seu compromiso coa dinamización de determinados ámbitos da nosa cultura tamén a través da tradución.

É moi salientable o excelente traballo que se fixo na revista na promoción do galego como lingua válida para todos os xéneros a través de obras filosóficas, obras clásicas, contos, pezas de teatro, textos bíblicos, e especialmente textos poéticos. Transitan por esta obra as palabras en galego de Italo Calvino ou de Christina Rossetti, de Ezra Pound ou de Nelly Sachs....


Related Titles



COCIÑA GALEGA, A
CUNQUEIRO, ALVARO



LECCIONES DE GAITA
OTERO COVELO, ENRIQUE



POETAS DA COLECCIÓN
SALNES, AS
VARIAS